

## SEGUIMOS LIMPANDO. CÓMPREN MANS

O domingo 12 foi a Corme un grupo de voluntari@s lugues@s coordinados por ADEGA. Eran principalmente membros da Asociación de Empresarias de Lugo, coa súa presidenta, María Xosé Rouco. Traballaron na praia da Hermida, unha das consideradas “oficialmente limpas”, peneirando a area e retirando pequenas *lentellas*. Unha traballadora dun equipo de limpeza de alí, contratada, díxolles que a 1,30 mts de profundidade, na area, encontran placas de chapapote ben grosas. As pedras do coído próximo parecían limpas, seguramente como consecuencia do traballo con máquinas de auga a presión, que algunha aínda se vía arredor. Así e todo, di o Patrón Maior de Corme que o chapapote que se saca desta forma dos coídos vai para o mar e volve á terra. Ou sexa, que en vez de retiralo móvese dun sitio para outro.

O sábado 19 foron a Corcubión dous grupos, xa non de lugueses, coordinados pola organización nacional de ADEGA. Eran unhas oitenta persoas, e estiveron na boleira do Cabo de Cee e mais na praia de Gures. Limparon coios do fuel endurecido que os cobre, e tamén recolleron o que queda debaixo deles; din que nalgúns sitios fórmanse debaixo das pedras pociñas de chapapote brando, de dous ou tres centímetros de fondo. Cheiraba moito, de feito mareáronse varias persoas e tiveron que deixa-lo traballo.

O dispositivo do Concello de Corcubión, bo. Os de TRAGSA, aquel día non foron por alí. Din os do Concello que faltan voluntari@s: era Semana Santa e, malia o que dicían da Xunta, había pouc@s.

## DÁNNO-LO PEDRÓN DE OURO

É unha das institucións máis respectadas da cultura galega. Ten 39 anos de antigüidade. Levárono figuras importantísimas da vida deste país. No 2003, a Fundación Pedrón de Ouro declara que “os galegos do futuro poderán sentir orgullo da reacción do seu pobo, que se puxo por diante das administracións en organización, imaxinación e eficacia. Á súa fronte estiveron as mulleres e homes do mar que combateron a marea negra coas súas mans. Detrás, a cidadanía de Galicia, poderosa retargada que se organizou na plataforma *Nunca Máis*”.

Sentímonos, certamente, moi honrados.

## VOLTA A GALICIA CON *NUNCA MÁIS*

O día 20 deste mes comezou no Barco de Valdeorras e o 11 de maio tense previsto que remate en Compostela. Xente do deporte galego, profesional, afeccionado e escolar, levará o testemuño da nosa mensaxe por todo o país: estradas, camiños, vías navegables e aéreas serán percorridos por ciclistas, patinadores, corredores, parapentistas...

O día 7 estará en Lugo. Seguiremos informando.

## MANIFESTACIÓN O 4 EN COMPOSTELA

Non hai propostas solventes para os restos do *Prestige*. Tampouco medidas serias de recollida de piche no mar e limpeza da costa. Non se comprometen orzamentos para a recuperación e o desenvolvemento do país, en Europa disque non saben o que é o “Plano Galicia”. Aínda ninguén asumiu responsabilidade política ningunha.

Xa que logo, *Nunca Máis* volve convocala cidadanía a manifestarse. Nin a comenencia electoral nin outra debe tapa-las consecuencias, vixentes e evidentes, do desastre.

Será o 4 de maio, na capital.

